

**Resolución da convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 06 de abril de 2022, no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe), do VIII CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS baixo a coordinación (ou coa participación) da biblioteca escolar, en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para o curso 2021/2022**

Con data 06 de abril de 2022, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública a convocatoria, por oitavo ano consecutivo, dun concurso para o impulso e recoñecemento de traballos por proxectos baixo a coordinación (ou coa participación) da biblioteca escolar, e no que poderían participar centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para o curso 21/22.

Tratábase así de estimular, mediante o recoñecemento de boas experiencias, o deseño e desenvolvemento de proxectos de carácter interdisciplinario ou de proxectos de investigación, baixo a coordinación do equipo de biblioteca escolar ou co apoio desta, na liña da metodoloxía de aprendizaxe baseada en proxectos (ou ABP), realizados en centros públicos non universitarios durante o pasado curso.

Reunido o xurado para a valoración dos traballos presentados, previsto no apartado cuarto da devandita convocatoria, de acordo coa proposta formulada por este xurado e de conformidade cos apartados primeiro, segundo, quinto e sexto do texto de referencia,

RESOLVO:

Primeiro.- Facer pública a relación de centros que resultan galardoados no VIII Concurso de Traballos por Proxectos, trala selección do xurado na súa reunión do día 26 de outubro de 2022. O xurado declara desertos cinco premios previstos na modalidade 4. Tal e como se contempla no apartado 6 da convocatoria, acórdase a ampliación dos traballos seleccionados na modalidade 1 (3 premios máis), na modalidade 2A (1 premio máis) e na modalidade 2B (1 premio máis) coa redistribución orzamentaria correspondente.

Segundo.- Conceder os premios aos centros que se relacionan no Anexo I, polos traballos que se especifican.



Terceiro.- Asignar as contías que se sinalan no anexo I aos centros relacionados, que deberán destinarse á atención das necesidades da biblioteca escolar, especialmente no ámbito da información.

Cuarto.- Desde esta dirección xeral facilitarase un impreso para a xustificación correspondente.

Quinto.- Tal e como se recolle no apartado oitavo da convocatoria de 06 de abril de 2022, os proxectos son propiedade dos seus autores pero estes, desde o momento que participan no concurso, recoñecen á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades o dereito de reprodución, publicación, difusión, distribución e comunicación (en calquera soporte e formato) dos proxectos premiados para a súa consulta e descarga en liña do seu contido en calquera dos medios dispoñibles (nomeadamente na páxina web de Bibliotecas Escolares de Galicia), e en calquera das formas, medios e modalidades que a tecnoloxía permita. Así mesmo, poderán ser difundidos a través das actividades e dos medios da Rede de formación permanente do profesorado. Os centros poderán publicar estes traballos nos seus espazos web indicando, no seu caso, que foron obxecto de recoñecemento por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través deste concurso.

Santiago de Compostela, (*sinatura dixital*)

Judith Fernández Novoa

Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa



**ANEXO**

Modalidade	Centros premiados	Concello	Provincia	Título	Asignación
1. Proxectos Documentais integrados, coordinados desde a biblioteca escolar	CEIP Emilia Pardo Bazán	A Coruña	A Coruña	Mergúllate!	2.000,00 €
	CEIP Canosa-Rus	Coristanco	A Coruña	Ilusionarte	2.000,00 €
	CEIP dos Muíños	Muxía	A Coruña	E ti que pintas?	2.000,00 €
	CEIP P. de Outes	Outes	A Coruña	OUTES SOSTIBLE. Cidadás do presente para o futuro	2.000,00 €
	IES Arcebispo Xelmírez I	Santiago de Compostela	A Coruña	Tecendo Identidades	2.000,00 €
	CEIP de Cervo	Cervo	Lugo	Mens sana in corpore sano	2.000,00 €
	CEIP Plurilingüe de Carballedo	Cerdedo-Cotobade	Pontevedra	O ano de Galicia	2.000,00 €
	CEIP P. Meaño-As Covas	Meaño	Pontevedra	Dende Meaño	2.000,00 €
	CEIP Virxe do Rocío	Vigo	Pontevedra	Alén do Resío	2.000,00 €
2.a. Proxectos de investigación de grupo / nivel	IES Brión	Brión	A Coruña	Coñécelas? 10 escritoras imprescindibles	1.500,00 €
	EI San Roque	Viveiro	Lugo	Emocionámonos	1.500,00 €
	CEIP A Lama	A Lama	Pontevedra	Algunhas árbores, moitos paxaros	1.500,00 €
2.b. Proxectos de investigación de ciclo / departamento	IES Celanova Celso Emilio Ferreiro	Celanova	Ourense	Música no Mosteiro	1.500,00 €
	CEIP San Tomé	Cambados	Pontevedra	Pasiño a pasión, faise o camiño	1.500,00 €
2.c. Proxectos realizados na materia de 1º/2º de ESO "Investigación e tratamento da información" ou noutras materias equivalentes en ESO ou Primaria	CEIP Milladoiro	Malpica de Bergantiños	A Coruña	NÓS: patrimonio in-MATERIAL!	1.500,00 €
	IES Xoán Montes	Lugo	Lugo	FORMU-LAND-22	1.500,00 €
	IES Pino Manso	O Porriño	Pontevedra	De viaxe polo entroido tradicional galego	1.500,00 €
3. Proxectos de investigación intercentros	CEIP de Galán	Arteixo	A Coruña	Martiño e Testa: unha viaxe espæcial	1.500,00 €
	CRA de Culleredo	Culleredo	A Coruña	Martiño e Testa: unha viaxe espæcial	1.500,00 €
4. Proxectos realizados con metodoloxía científica	IES Perdouro	Burela	Lugo	Construbot_Comeza a partida!	1.500,00 €

